

INFORMACIÓN ÓS MEDIOS

COMEZA O CRIBADO VOLUNTARIO PARA A DETECCIÓN DA COVID NO CONCELLO DE AS PONTES, POLO QUE SERÁN CITADAS Ó REDOR DE 2.000 PERSOAS

- ***A Dirección Xeral de Saúde Pública e a Xefatura Territorial de Sanidade determinan a que colectivos citar en base o estudo da situación do Concello***
- ***O centro de coordinación Covid da Área Sanitaria de Ferrol comeza a citación para esta mesma tarde, e se prolongará preto de dez días***

Ferrol (ASF), mércores 9 de decembro de 2020.- Comeza o cribado voluntario para a detección precoz da Covid na poboación do Concello de As Pontes, polo que ó redor de 2.000 persoas deste Concello serán chamadas a participar para se realizar a proba de detección no centro de saúde desta localidade, onde se desprazará un equipo de Enfermaría (Enfermeira e Técnica de Coidados Auxiliares de Enfermaría) para a toma de mostras. Realizarase unha proba nasofarínxea, PCR. Esta actuación preventiva prolongarase inicialmente ó longo de dez días.

A Dirección Xeral de Saúde Pública conxuntamente coa Xefatura Territorial de Sanidade na Coruña determinan os colectivos ós que lle realizar este cribado en base a análise da situación da incidencia neste Concello. E o Centro de Coordinación Covid da Área Sanitaria de Ferrol comeza a citar xa dende esta mesma tarde ás máis de 2.000 persoas implicadas inicialmente neste cribado voluntario. Citarase a homes e mulleres de entre 15 e 20 anos; a mulleres de entre 40 e 45, e a homes de entre 50 e 65 anos.

Estas probas súmanse ás realizadas xa durante estes días nos da ponte da Constitución á Policía Local e colectivos como os de Axuda no Fogar.

A Área Sanitaria de Ferrol agradece anticipadamente a participación neste cribado que pode axudar a acoutar os casos positivos asintomáticos para podelos illar e evitar así a propagación do virus nesta localidade; e que se suma ós estudos dos entornos dos casos positivos detectados que xa se están a facer de xeito cotiá.

Lembrar a importancia de intensificar as medidas de protección básicas: uso continuado da máscara, lavado de mans, evitar as aglomeracións e os sitios pechados, e ventilar os espazos. E recordar igualmente que este Concello ten determinado un nivel de alerta que indica o seu peche perimetral para evitar a propagación do virus.

SAÚDOS,
COMUNICACIÓN ÁREA SANITARIA DE FERROL.